

**ACTA DA SESIÓN Nº 1 DA MESA DE CONTRATACIÓN RELATIVA Á LICITACIÓN POR  
PROCEDEMENTO ABERTO PÚBLICO: CONTRATACIÓN DO SERVICIO DE MONTAXE DE STANDS,  
MOQUETA, TARIMA, CARPAS, MOBILIARIO, COMPLEMENTOS E PRESTACIÓN DE SERVICIOS  
ACCESORIOS (REF.: 6006/2010-01)**

**DATA:** 23 de novembro de 2010

**LUGAR:** Oficinas FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA. Silleda.

ASISTENTES:

D. Manuel Sanmartín Alende (Director Económico - Financeiro), Presidente

D. Carlos Mato Montoto (Director de Infraestrutura e Servizos), Vogal

D. Miguel Sánchez Varela (Director Comercial), Vogal

D<sup>a</sup>. Silvia Regal López (Directora de Comunicación e Marketing), Vogal

D. Manuel Bernárdez Carbón (Responsable de Compras), Secretario

Reunidos os membros arriba indicados, procédese a constituír a Mesa de Contratación para o estudo e proposta de contratación do expediente enriba referenciado.

Procédese a apertura e valoración dos documentos contidos no sobre "A", sendo as ofertas presentadas as seguintes:

1. PERSPECTIVA Y GESTIÓN FERIA, S.L.
2. EVENTOS LINEXPO, S.L.
3. M<sup>a</sup> DOLORES MARTINEZ-VARA DE REY, S.A. (MARVA)
4. JET STAND. MONTAGEM STANDS FEIRAS EXPOSIÇÕES, LTD.
5. TOLDOS BARRY, S.L.


Da apertura e exame da documentación administrativa contida no sobre "A" dos ofertantes compróbase o seguinte:

1. PERSPECTIVA Y GESTIÓN FERIA, S.L.- Inscrita no rexistro xeral de contratistas co número 1463, presenta toda a documentación esixida.
2. EVENTOS LINEXPO, S.L.- Revisada toda a documentación, presenta toda a documentación esixida.
3. M<sup>a</sup> DOLORES MARTINEZ-VARA DE REY, S.A. (MARVA).- Inscrita no rexistro xeral de contratistas co número 1358, presenta toda a documentación esixida.
4. JET STAND. MONTAGEM STANDS FEIRAS EXPOSIÇÕES, LTD.- Revisada toda a documentación denótase ausencia da acreditación da súa solvencia Económica e Financeira conforme ó apartado 12 dos pregos (“... o licitador que acredite ter suscrito dito seguro cunha entidade aseguradora por capital equivalente ao orzamento base de liquidación multiplicando por 1.5.”)
5. TOLDOS BARRY, S.L.- Revisada toda a documentación, presenta toda a documentación esixida.

Visto o anterior, a Mesa de Contratación considera necesario solicitar aos ofertantes a subsanación dos defectos emendables e a aportación da documentación correspondente, de acordo co establecido no artigo 14 dos pregos “Unha vez concluído o prazo sinalado para a presentación de ofertas, a Comisión de Selección examinará e calcificará a documentación aportada, podendo conceder un prazo de subsanación non superior a 3 días hábiles, exclusivamente para a corrección de erros ou defectos materiais e subsanables no tocante á Documentación contida no Sobre A; con apercibimento de exclusión definitiva do licitador que nese prazo non realice a subsanación.”


E non habendo mais asuntos que tratar, levántase a sesión, asinando os comparecentes a presente acta.

D. Manuel Sanmartín Alende




Presidente

D. Carlos Mato Montoto



Vogal

D. Miguel Sánchez Varela




Vogal

D<sup>a</sup>. Silvia Regal López



Vogal

D. Manuel Bernárdez Carbón



Secretario